

bici/Arteixo

Condicións xerais reguladoras do acceso e utilización do servizo municipal de préstamo de bicicletas do Concello de Arteixo (denominado biciArteixo)

Datos de identificación do xestor do servizo:

Servizos Urbanos Municipais de Arteixo, S. A., sociedade mercantil con capital social de titularidade municipal, con enderezo na praza Alcalde Ramón Dopico, 1, Arteixo, 15142, A Coruña, e CIF A169645832.

Titular do servizo:

Concello de Arteixo, con enderezo na praza Alcalde Ramón Dopico, 1, Arteixo, 15142, A Coruña e CIF P1500500B.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

Este documento ten por obxecto regular as condicións xerais de acceso e utilización do servizo municipal de préstamo de bicicletas como un medio de transporte público para os desprazamentos no ámbito territorial do Concello de Arteixo (en adiante, biciArteixo).

O servizo biciArteixo consiste na utilización, por parte do usuario, das bicicletas que pertencen ao servizo, de acordo coas condicións de utilización que se describen nestas condicións.

SEGUNDA. ÁMBITO TERRITORIAL DE UTILIZACIÓN DO SERVIZO

O ámbito territorial do servizo biciArteixo queda delimitado ao territorio que comprende o termo municipal do Concello de Arteixo.

TERCEIRA. CONDICIÓNIS PARA DARSE DE ALTA COMO USUARIO DEL SERVIZO BICIARTEIXO

Para poder utilizar o servizo biciArteixo, os usuarios terán que darse de alta seguindo o procedemento descrito neste documento.

Poden darse de alta como usuarios do servizo biciArteixo as persoas físicas maiores de idade seguindo o procedemento descrito a continuación.

Asemade, os menores de 18 anos e maiores de 14 anos poderán darse de alta como usuarios do servizobiciArteixo sempre que envíen, debidamente cuberta, a autorización que consta na páxina web ou que facilita o servizo na Oficina de Atención ao Usuario, asinada por quen ostente a patria potestade do menor, na cal conste a correspondente declaración de asunción de responsabilidade respecto do menor. Xunto á autorización, quen ostente a patria potestade deberá enviar unha fotocopia do seu DNI, do DNI do menor e do libro de familia. Nese caso, a alta será efectiva cando o servizo biciArteixo revise e aprobe a documentación recibida.

Co fin de evitar a duplicidade, queda prohibido que un usuario se dea de alta unha segunda vez polo mesmo abono, se previamente non cursou a baixa correspondente.

CUARTA. PROCEDEMENTO PARA DARSE DE ALTA

As persoas que, cumprindo cos requisitos indicados nestas condicións, queiran darse de alta no servizo, terán que seguir o procedemento que se detalla a continuación:

a) Procedemento de alta vía internet ou aplicación móbil

A persoa que queira darse de alta terá que acceder á páxina web (www.biciarteixo.com) ou á aplicación móbil do servizo e realizar o proceso de subscrición, seleccionar o abono desexado e aceptar expresamente as condicións que se establecen neste documento.

A documentación e os datos solicitados durante o proceso de subscrición poden ser diferentes segundo o abono seleccionado.

O feito de marcar, no apartado correspondente da páxina web ou da aplicación móbil do servizo, a pestana de aceptación das condicións do servizo implica a aceptación expresa por parte do usuario das condicións deste documento, así como unha declaración de coñecemento do seu contido.

Unha vez realizado o trámite de alta (subscrición) e feito o pago, o usuario recibirá a confirmación por correo electrónico.

b) Procedemento de alta de forma presencial:

A persoa que queira darse de alta presencialmente na Oficina de Atención ao Usuario do servizo biciArteixo terá que realizar o proceso de subscrición, seleccionar o abono ou abonos desexados e aceptar expresamente as condicións que establece este documento, coa asistencia dun axente de atención ao usuario.

Tanto nos casos de alta vía internet ou aplicación móbil como presencialmente, o usuario terá que seleccionar un abono e está obrigado a facer efectivo o pago da cota fixada para poder facer efectiva a alta. En todo caso, o período da cota iniciárase no momento en que se produza a alta efectiva.

Asemade, o usuario que o solicite recibirá unha tarxeta biciArteixo. A tarxeta ten que ser activada seguindo as instrucións indicadas. O usuario comprométese á conservación e bo uso da tarxeta, no caso de que lle sexa expedida. Nos supostos de extravío, deterioro e/ou solicitude dun duplicado, o coste de emisión da nova tarxeta deberá ser soportado polo usuario de conformidade coas tarifas vixentes en cada momento.

Co fin de evitar duplicidades, queda prohibido que unha persoa usuaria se dea de alta unha segunda vez se previamente non cursou a baixa correspondente no servizo.

Ao empregar calquera destes procedementos de alta, o usuario deberá proporcionar durante o proceso de subscrición un medio válido de pago e, nese momento, poderase descontar unha cantidade de 1 €, para a verificación, que se compensará posteriormente cando sexa cobrada a tarifa do servizo.

QUINTA. ALTA EFECTIVA

Unha vez realizado o procedemento de alta (incluído o pago da cota elixida), o alta considerarase efectiva.

SEXTA. RENOVACIÓN AUTOMÁTICA

No caso de abonos con cota anual, antes do fin do prazo da vixencia do abono, o servizo de bicicleta pública comunicará este feito por correo electrónico ao usuario. O usuario abonado terá a opción de realizar a baixa voluntaria seguindo o procedemento establecido. Se este non tramita a baixa voluntaria seguindo o procedemento ata 7 días antes do fin do prazo da vixencia do abono, entenderase que o usuario desexa manter o abono e levarase a cabo a renovación automática.

SÉTIMA. LIMITACIÓN DE ALTAS SEGUNDO AS CIRCUNSTANCIAS DO SERVIZO

A admisión de novos usuarios abonados pode estar limitada en función do grado de saturación do servizo. Se é necesario, establecerase unha lista de espera por estrito orde de solicitude de alta e regulada polo Concello de Arteixo e Sumarte.

OITAVA. BAIXA DO SERVIZO

As persoas poderán ou serán dadas de baixa do servizo en caso de que se cumpra algún dos seguintes supostos:

a) Baixa voluntaria do usuario

O usuario poderá darse de baixa do servizo mediante o procedemento de baixa vía internet ou aplicación móbil ou o procedemento de baixa de forma presencial.

i. Procedemento de baixa vía internet ou aplicación móbil

O usuario que queira darse de baixa do servizo terá que modificar a renovación automática na zona de usuario da páxina web (www.biciarteixo.com), para aqueles abonos nos que a renovación sexa automática. O usuario poderá desfrutar do servizo ata o último día da data de vixencia do abono, e unha vez finalizado non se renovará.

ii. Procedemento de baixa de forma presencial:

O usuario que queira darse de baixa do servizo presencialmente na Oficina de Atención ao Usuario do servizo biciArteixo terá que realizar o proceso de baixa, coa asistencia dun axente de atención ao usuario. O usuario poderá desfrutar do servizo ata o último día da data de vixencia do abono, e unhas veces finalizado non se renovará.

Baixa por non pago:

Aplicarase unha baixa temporal ou definitiva por non pago cando un usuario non abone as tarifas por uso ou penalizacións que lle sexan aplicables, ou devolva os correspondentes recibos bancarios.

Esta circunstancia pode dar lugar a tramitar un procedemento sancionador, e en todo caso o xestor pode resarcir ao usuario de todos os danos sufridos neste período.

b) Baixa por incumprimento:

O servizo de bicicleta pública pode dar de baixa temporal ou definitiva a unha persoa usuaria, previatramitación do correspondente procedemento sancionador previsto nestas condicións.

NOVENA. TARIFAS E MODALIDADES DE ABONO

A contía a satisfacer en concepto de tarifa pola utilización do sistema municipal de préstamo de bicicletas será o determinado no Anexo I da Ordenanza municipal reguladora do servizo.

O cliente comprométese a pagar o aluguer respectivo; este é o prezo total, que inclúe o respectivo imposto sobre o valor engadido (IVE).

As tarifas de aluguer deben tomarse da lista de prezos actual dispoñible na web do servizo.

O usuario estará en activo para o período correspondente á modalidade de abono escollida.

No caso do abono anual, o usuario estará en activo polo período de un ano (no cal se inicia o cómputo do prazo de vixencia do abono dende o momento do alta), excepto nos supostos previstos nestas condicións relativos á aplicación das medidas previstas nos casos de incumprimento.

O usuario non poderá realizar un cambio de modalidade durante a subscripción vixente e, polo tanto,

terá que esperarse á finalización da subscrición ou ben darse de baixa e volver a darse de alta para cambiar de modalidade.

Unha vez finalice este prazo, o abono anual será renovado automaticamente polo período establecido, e o procedemento de alta e baixa establecido nos puntos anteriores.

DÉCIMA. HORARIOS E TARIFAS

O servizo biciArteixo é un servizo operativo 18 horas 7 días á semana e 365 días ao ano.

A retirada de bicicletas ou o seu retorno estará dispoñible entre as 7.00 h e as 23.00 h. Non obstante, o Concello de Arteixo, conxuntamente co xestor do servizo, poderá establecer restricións operativas á retirada de bicicletas ou ampliacións operativas ao retorno, segundo se especifica na páxina web do servizo.

Os horarios, tarifas ou penalizacións serán os que acorde en cada momento o Concello de Arteixo de acordo co xestor do servizo. Os horarios, tarifas e penalizacións vixentes serán publicados na páxina web do servizo.

Respecto das tarifas:

- a) Poderá establecerse unha cota anual pola tenencia de un abono.
- b) Segundo o abono, poderán establecerse tarifas por uso en función do tempo e períodos de gratuidade.
- c) Poderán establecerse penalizacións cando non se devolva adecuadamente ou a tempo a bicicleta, ou en caso de roubo, perda ou deterioro.
- d) As tarifas tamén poderán incluír servizos como a recuperación de unha bicicleta antes de completar o desprazamento nunha estación, o envío de alertas SMS ou correos electrónicos ou a emisión da tarxeta de usuario (en caso de que se utilicen) e de duplicados de tarxeta.

O tempo de utilización determinarase segundo os datos rexistrados na plataforma de control do servizo de bicicleta pública, e ditos datos serán a proba de cal foi o período de uso.

Os posibles cambios de horarios e/ou tarifas serán comunicados aos usuarios a través da páxina web.

UNDÉCIMA. CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN XERAIS

O usuario terá dereito a unha bicicleta de uso compartido, que retirará de unha estación mediante a aplicación móbil do servizo ou a tarxeta biciArteixo de identificación persoal. Esa retirada marcará o inicio do tempo de pago por uso (no seu caso) segundo as tarifas vixentes.

Cando finalice o seu desprazamento, o usuario estacionará a bicicleta de uso compartido nunha estación (física ou virtual, no seu caso). Ese estacionamento marcará o fin do tempo de pago por uso segundo as tarifas vixentes.

Un usuario non pode utilizar máis de unha bicicleta ao mesmo tempo.

Cada novo uso do servizo implica a aceptación das normas establecidas.

En todo caso, os usuarios están obrigados a cumprir as normas establecidas na Ordenanza municipal reguladora do servizo.

DUODÉCIMA. PROCEDIMIENTO PARA RETIRAR UNHA BICICLETA

O procedemento para retirar unha bicicleta de unha estación é, en liñas xerais, o que se describe a continuación:

- a) O usuario terá que solicitar unha bicicleta coa súa aplicación móbil, facendo unha lectura do códigoQR que hai na bicicleta ou pasando a súa tarxeta biciArteixo polo lector situado na bicicleta.
- b) O usuario retirará a bicicleta.
- c) Seguidamente, activará e comprobará a bicicleta (en especial, o nivel de carga da batería cando a bicicleta sexa eléctrica) seguindo as instrucións indicadas na propia bicicleta.

En ese caso, se o usuario observa calquera anomalía, dará aviso á Oficina de Atención ao Usuario e seguirá as súas instrucións. En xeral, o usuario terá que devolver a bicicleta, dar por finalizado o desprazamento e retirar unha nova bicicleta. Asemade, fixarase un tempo de franquicia (sen pago) para realizar ese retorno motivado por causas técnicas, segundo se indica na páxina web do servizo.

Se a activación e comprobación da bicicleta resultou positiva, o usuario poderá iniciar o seu desprazamento.

En todo caso, o usuario está obrigado a seguir as normas de utilización especificadas na páxina web do servizo, a aplicación móbil ou a propia estación.

DECIMOTERCEIRA. PROCEDIMIENTO PARA DEVOLVER UNHA BICICLETA

Unha vez finalizado o desprazamento, deberá estacionarse a bicicleta nunha praza libre de unha estación (física ou virtual, no seu caso) seguindo o seguinte procedemento xeral:

- a) O usuario ancorará a bicicleta na praza asignada (física ou virtual) e desactivará a bicicleta seguindo as instrucións indicadas.
- b) Unha vez desactivada a bicicleta, o usuario asegurarse de que quedou ben bloqueada. O usuario ten a obriga de comprobar a correcta finalización da operación.

En todo caso, o usuario está obrigado a seguir as normas de utilización especificadas na páxina web do servizo, a aplicación móbil ou a propia estación.

Se tras realizar as comprobacións pertinentes o usuario detecta calquera anomalía, queda obrigado a avisar á Oficina de Atención ao Usuario a través do seu teléfono, a páxina web ou a aplicación móbil do servizo de bicicleta pública.

DECIMOCUARTA. CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN PARTICULARES

O tempo de uso de unha bicicleta iniciase cando se desbloquea e se activa unha bicicleta (nunha estación) e finaliza cando se bloquea e desactiva a bicicleta (nunha estación), co cal queda dispoñible a bicicleta de uso compartido para outro usuario.

Non poden alugarse ou utilizarse con finalidades comerciais calquera dos elementos que compoñen o servizo de bicicleta pública, como a conta de usuario, a tarxeta, as bicicletas ou as estacións.

Se durante un desprazamento nunha bicicleta se produce calquera incidencia: avaría, esgotamento da batería (no caso dunha bicicleta eléctrica), acto vandálico ou incívico, accidente, roubo, imposibilidade de atopar unha praza libre, etc., o usuario queda obrigado a comunicalo con urxencia á Oficina de Atención ao Usuario e proceder segundo as súas indicacións.

Se por calquera circunstancia se deixa abandonada unha bicicleta, sen concluír adecuadamente

o desprazamento nunha estación, o usuario implicado terá que responder do coste de recuperación da bicicleta, dos posibles danos na bicicleta e das penalizacións establecidas neste documento.

En caso de devolver unha bicicleta fora do horario previsto, o usuario implicado terá que responder do coste que comporte ese incumprimento segundo as condicións establecidas neste documento e na Ordenanza municipal reguladora do servizo.

Estas condicións de utilización serán completadas polas condicións de uso adicionais que poidan estar indicadas en cada estación atendendo ás súas características e circunstancias.

En todo caso, o usuario está obrigado a cumprir as condicións establecidas na Ordenanza municipal reguladora do servizo.

DECIMOQUINTA. LÍMITES DE UTILIZACIÓN DO SERVIZO

En caso de exceder os límites horarios de utilización do servizo de bicicleta pública establecidos para cada abono, a persoa usuaria estará obrigada a pagar as tarifas ou penalizacións vixentes.

Por causas xustificadas, o servizo de bicicleta pública reservase o dereito a cambiar o horario de utilización do servizo, o tempo de apertura e a posición das estacións, sen previo aviso, aínda que se farán os esforzos razoables para comunicalo axeitadamente.

Unha estación pode ser moi empregada e non sempre garantir a dispoñibilidade de unha bicicleta ou de unhapraza para devolvela, sen que esta situación xere dereito algún ao usuario de percibir un reembolso ou indemnización. Igualmente, nin o Concello de Arteixo nin o xestor do servizo asumen ningunha responsabilidade se por circunstancias alleas non pode devolverse a bicicleta nunha estación concreta ou se o servizo non está dispoñible nun determinado momento.

Poderá establecerse unha hora máxima de retirada dunha bicicleta (antes das 24.00 h). Esta hora (que pode variar por cuestións técnicas) estará publicada na web do servizo. Tamén poderá establecerse un tempo mínimo de espera entre dous usos co fin de evitar abusos no servizo, tempo que tamén estará publicado na web do servizo.

Un desprazamento nunha bicicleta ten que iniciarse e finalizar o mesmo día. Polo tanto, un desprazamento pode durar un máximo de 18 horas, aplicando as tarifas que se indican na web do servizo.

Se non se devolveu unha bicicleta á hora máxima establecida, o xestor do servizo iniciará a recuperación desta e informará ao usuario implicado (por vía telefónica, correo electrónico ou SMS). Neses casos, o usuario terá que facer fronte aos posibles gastos de localización e traslado, de acordo coas tarifas aprobadas e publicadas na páxina web do servizo, así como o abono da cantidade que corresponda pola utilización do servizo.

DECIMOSEXTA. CARÁCTER PERSOAL E INTRANSFERIBLE DA CONTA OU DA TARXETA BICIARTEIXO

O uso do servizo de bicicleta pública, a conta de usuario e a tarxeta biciArteixo de acceso teñen carácter persoal e intransferible, non podendo ser cedidos a terceiros, e terán a validez correspondente ao tipo de abono contratado.

Unha conta (ou tarxeta) de usuario asociado a un abono ten as seguintes características:

- Será válida ata que a persoa usuaria sexa dada de baixa no servizo.
- Da dereito a utilizar unha bicicleta de uso compartido do servizo de bicicleta pública para realizar un desprazamento de acordo coas limitacións do abono.

O usuario non pode transferir os dereitos adquiridos ao darse de alta no servizo de bicicleta pública.

O usuario comprométese á conservación e bo uso da súa conta ou tarxeta biciArteixo.

Para os supostos de perda, rotura e/ou solicitude dun duplicado da tarxeta, o coste de emisión da nova tarxeta terá que soportalo o usuario, de acordo coas tarifas vixentes publicadas na web do servizo.

DECIMOSÉTIMA. PAGO DO SERVIZO

Os pagos que se xeren en función da utilización do servizo realizaranse a través dunha tarxeta de crédito ou débito ou mediante domiciliación en conta bancaria.

O usuario comprométese a non cancelar a tarxeta de crédito ou débito e a informar de calquera cambio na operatividade desta. Respecto da tarxeta facilitada, o usuario acepta que se estableza unha autorización permanente ao xestor do servizo co fin de que se lle fagan os cargos pertinentes polos servizos (indicados no apartado de tarifas da web) que se xeren durante a vixencia do seu abono co servizo de biciArteixo.

No caso dos menores mencionados nestas condicións, deberá aportarse o permiso para o cobro de importes/cargos do servizo na tarxeta bancaria designada a tal fin.

DECIMOITAVA. SUPERVISORES DO SERVIZO

Os supervisores ou técnicos do servizo serán persoal autorizado ou asignado polo xestor do servizo con esa finalidade, sendo os encargados de dar asistencia aos usuarios, así como de velar polo bo funcionamento do servizo.

Ditos supervisores ou técnicos estarán en itinerancia polas estacións, así como en todo o ámbito de actuación do servizo.

Os usuarios poderán dirixir as súas consultas aos supervisores, a fin de que poidan ser asesorados e axudados en todos os procesos necesarios para poder realizar un correcto uso do servizo (enganche e desenganche das bicicletas nas estacións, funcionamento das bicicletas de uso compartido, etc.).

O usuario, coa aceptación destas condicións, declara que coñece e acepta a figura do supervisor do servizo, que colaborará con estes e que permitirá que os supervisores do servizo, no exercicio das súas funcións, poidan facer fotografías en relación co uso adecuado do servizo de bicicleta pública.

O persoal do servizo de bicicleta pública (supervisores, técnicos, persoal da Oficina de Atención ao Usuario, etc.) non ten autoridade para facer excepcións individuais ou modificar os termos e condicións do servizo.

Adicionalmente, os supervisores ou persoal do servizo de bicicleta pública poderán retirar aquelas bicicletas de uso compartido mal estacionadas ou que provoquen incidentes durante un desprazamento.

A solicitude de un supervisor ou persoal do servizo de bicicleta pública, o usuario deberá facilitar o seu nome e apelidos, dirección e detalles da súa conta, abono, así como da utilización das bicicletas de uso compartido.

DECIMONOVENA. OBRIGACIÓNS XERAIS DO USUARIO

Calquera usuario, sexa cal sexa o abono que utilice, comprométese, en cada ocasión que utilice o servizo de bicicleta pública, a:

- a) Facer uso do servizo e de todos os seus compoñentes coa máxima dilixencia e de acordo coas condicións establecidas.
- b) Realizar todos os pagos que se deriven do uso do servizo segundo as tarifas vixentes.
- c) Non ceder o uso da conta ou da tarxeta de usuario, baixo ningún concepto, a terceiras persoas, nin familiares.
- d) Conservar de forma segura as claves e códigos de acceso ao servizo (credenciais). Calquera dano que poida ocasionar pola falta de conservación de claves ou códigos de acceso será responsabilidade do usuario.
- e) Conservar en bo estado a tarxeta de usuario dos abonos contratados.
- f) Comunicar ao servizo de bicicleta pública calquera incidente coa conta ou a tarxeta de usuario: usurpación da identidade, uso fraudulento da conta, virus informáticos, perda, roubo ou deterioro da tarxeta de usuario, etc. O usuario asumirá a responsabilidade da utilización da conta ou a tarxeta ata o momento da comunicación ao servizo da incidencia.
- g) Mostrar a conta de usuario ou entregar a tarxeta de usuario aos supervisores, persoal autorizado ou asignado con dita finalidade ou autoridades que así llo requiriran. Facilitarlles nome e apelidos, dirección ou detalles da conta de usuario, do abono ou do uso do servizo.
- h) Comunicar as modificacións de datos (por exemplo, os cambios de domicilio) que poidan producirse, así como o cambio de tarxeta bancaria en que o servizo deba realizar os cobros.
- i) Asegurar que todos os datos facilitados ao servizo son certos.

VIXÉSIMA. OBRIGACIÓNS ESPECÍFICAS DO USUARIO

O usuario de un abono comprométese, en cada ocasión que utilice o servizo, a:

- a) Facer uso do servizo, e en especial da bicicleta, coa máxima dilixencia.
- b) Estacionar correctamente a bicicleta nunha estación ao finalizar o desprazamento, e antes dahora de peche do servizo ao mesmo día en que se iniciara o desprazamento.

Excepcionalmente, no caso de que a estación escollida estea chea e non existan enganches libres nese momento, terá que deixar a bicicleta ao lado da estación sen que supoña un risco para a integridade e/ou a seguridade da bicicleta, peóns e/ou vehículos e obrigatoriamente asegurar o mecanismo de bloqueo para rematar o aluguer. Ademais, o usuario deberá comprobar a correcta finalización da operación.
- c) Informar e devolver debidamente a bicicleta ao servizo, en caso de comprobar que algún dos seus elementos non funciona correctamente.
- d) Utilizar a bicicleta de forma adecuada e destinala unicamente ao seu transporte persoal.
- e) Asumir a garda e custodia da bicicleta dende o momento da súa retirada e ata o correcto retorno desta ao servizo.
- f) Entregar a bicicleta aos supervisores, persoal autorizado ou autoridades, en caso de que estes, no exercicio das súas funcións, llo requiriran.
- g) Respetar as normas de circulación vixentes.

- h) Facer uso do carril bici nas vías en que estea instaurado.
- i) Responsabilizarse do bo uso da bicicleta, así como da súa perda.
- j) Todos os usuarios dun abono obríganse expresamente a cumprir, na utilización das bicicletas, a ordenanza de mobilidade do municipio cando exista.
- k) No momento da alta, o usuario manifesta que se atopa en perfecto estado de saúde para ir en bicicleta e asume a súa responsabilidade en caso de sufrir unha enfermidade do corazón, vista ou oído ou dos aparatos circulatorio, locomotor e dixestivo.
- l) O usuario está obrigado a facer un bo uso da bicicleta de uso compartido e responsabilízase de todos os danos que poidan producirse por un uso inadecuado desta.
- m) O usuario está obrigado a tomar precaucións ante posibles danos, perda ou roubo. En concreto, se a bicicleta dispón de candeado electrónico ou calquera sistema de inmovilización, deberá utilizarse sempre que a bicicleta quede estacionada durante un desprazamento.

No caso dun estacionamento fora dunha estación, a bicicleta deberá quedar nun lugar que non estea explicitamente prohibido na correspondente ordenanza municipal. Non obstante, o usuario non quedará exonerado da garda e custodia da bicicleta.

VIXESIMOPRIMEIRA. PROHIBICIÓNS EXPRESAS DO USUARIO

Prohíbense expresamente aos usuarios dun abono as condutas que se detallan a continuación:

- a) Utilizar a bicicleta fora do ámbito territorial do Concello de Arteixo.
- b) Utilizar a bicicleta por zonas ou camiños non pavimentados, ou por terreos que non sexan aptos para circular.
- c) Circular coa bicicleta por un carril bus, excepto si está expresamente autorizado.
- d) Subir a bicicleta a calquera outro medio de transporte.
- e) A desmontaxe e/ou manipulación parcial ou total da bicicleta, das estacións ou dos elementos que as compoñen.
- f) A utilización da bicicleta ou das estacións para fins comerciais.
- g) A pintada de slogans, debuxos ou similares sobre a bicicleta.
- h) Circular sobre unha sola roda, pegarse a outros vehículos en marcha ou utilizar auriculares conectados a aparatos receptores ou reprodutores de son.
- i) Facer uso do móbil mentres se utiliza a bicicleta.
- j) Transportar a outras persoas, animais ou obxectos voluminosos.
- k) Abandonar ou ceder a bicicleta durante un desprazamento, excepto en casos de forza maior. Nese caso, deberá informarse a biciArteixo no mínimo tempo posible, non superando os 30 minutos dende o feito que producira a causa de forza maior.

Se o servizo ten que retirar unha bicicleta de uso compartido abandonada na vía pública durante un desprazamento, o usuario será responsable dos costes e penalizacións que se deriven.

VIXESIMOSEGUNDA. DEREITOS DO USUARIO

O usuario ten dereito a que as estacións e as bicicletas estean en condicións para o seu uso de acordo coas condicións deste documento.

O usuario ten dereito a solicitar e recibir información sobre o servizo e a formular e recibir contestación sobre suxestións, reclamacións e queixas, mediante correo electrónico, correo ordinario ou de forma presencial na Oficina de Atención ao Usuario.

O xestor do servizo responderá á consulta e/ou reclamación o antes posible e, en todo caso, antes de 20 días naturais posteriores a dita comunicación.

O usuario ten dereito a ser informado, a través da web ou por calquera outro medio, das incidencias do servizo, as tarifas e as medidas que poidan tomarse e, neste último caso, a formular as alegacións que considere pertinentes.

No suposto de que, por erro, o servizo de bicicleta pública realizara un cobro indebido, o usuario terá dereito á devolución de ditas cantidades no prazo de un mes, contado a partir da decisión do servizo que declare a improcedencia do cobro.

Para calquera reclamación sobre as condicións e circunstancias que afecten á prestación do servizo, o usuario poderá dirixirse ao prestador do servizo mediante o teléfono de atención ao usuario, de maneira presencial na Oficina de Atención ao Usuario ou a través da páxina web do servizo.

VIXESIMOTERCEIRA. TRATAMENTO CONFIDENCIAL DE DATOS

O servizo de bicicleta pública municipal de Arteixo, servizo biciArteixo, implica o tratamento de datos persoais das persoas usuarias, e inclúe datos de menores. O responsable do tratamento é o Concello de Arteixo, e o xestor do servizo, como encargado do tratamento, tratará os datos mentres o Concello de Arteixo non decida o contrario.

O servizo realizarase respectando e cumprindo estritamente a lexislación vixente en materia de protección de datos e, en concreto, o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos (Regulamento xeral de protección de datos - RXPd) e a Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD-GDD), adoptando para elo as medidas técnicas e organizativas necesarias para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos datos persoais facilitados polos usuarios do servizo.

O usuario que se dea de alta no servizo biciArteixo outorga o seu consentimento expreso e inequívoco e, polotanto, autoriza o tratamento de ditos datos polo Concello de Arteixo e, no seu nome, o xestor do servizo, a fin de xestionar o servizo biciArteixo e facerlle chegar comunicacións das novidades e incidencias relativas ao servizo.

O uso dos datos persoais terá carácter confidencial, e solo se utilizarán para poder prestar os servizos que o usuario solicita mediante o servizo biciArteixo.

De acordo co establecido polo artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, durante a recollida de datos das persoas usuarias e a regulación dos distintos axentes, informarase do tratamento de datos persoais que se levará a cabo, da base xurídica do tratamento e da posible cesión de datos a terceiros, así como de onde obter mais información do tratamento e onde poder exercer os seus dereitos en materia de protección de datos.

No caso de que o usuario subministre datos de terceiros, será o único responsable da veracidade e exactitude de ditos datos e de contar coa autorización deses terceiros para levar a cabo a solicitude de adhesión ao servizo. O usuario do servizo terá que comunicar calquera modificación ou erro nestes.

O usuario poderá revocar o consentimento outorgado en calquera momento, así como exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos, nos termos establecidos na lexislación vixente, dirixindo un escrito, xunto coa fotocopia do seu DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade, á oficina do Delegado/a de Protección de Datos do Concello de Arteixo, sita na praza Alcalde Ramón Dopico, 1, Arteixo, 15142, A Coruña. O usuario tamén poderá enviar este escrito achegando os documentos anteriormente indicados por medio de correo electrónico á dirección: secretaria@arteixo.org indicando claramente no asunto do correo "Exercicio dereitos RXP".

O usuario disporá da información completa do tratamento de datos na política de privacidade do portal web do Concello de Arteixo ou do servizo biciArteixo.

Todas as entidades e terceiros que participen no sistema deberán cumprir cos principios de confidencialidade e deber de secreto da información e datos persoais, aplicando as medidas de seguridade definidas polo Concello de Arteixo, que regulará con ditos terceiros o tratamento de datos persoais mediante un acordo de confidencialidade que lles comprometa a establecer, cumprir e respectar as obrigacións de confidencialidade e de aplicación das medidas de seguridade definidas.

VIXESIMOCUARTA. RÉXIME SANCIONADOR

No caso de que o xestor do servizo detecte por calquera medio o incumprimento das obrigacións do usuario, ou ben da normativa que sexa aplicable, dará traslado ao Concello de Arteixo para que se acorde iniciar un procedemento sancionador por mal uso do servizo.

A tramitación do proceso será comunicada ao usuario, e outorgaráselle 15 días co fin de que poida formular as alegacións que considere pertinentes.

Os incumprimentos nos que incorran as persoas usuarias serán penalizados de acordo co contido destas condicións e de acordo co establecido na Ordenanza municipal reguladora do servizo.

Será considerada como unha **infracción leve**:

- O retraso inxustificado na entrega da bicicleta por prazo de ata 24 horas.
- Non comunicar ao Concello de Arteixo ou ao responsable/xestor do servizo as incidencias que se produzan, tales como o deterioro ou fallo que impida ou dificulte o uso da bicicleta.
- Non comunicar ao Concello de Arteixo ou ao responsable/xestor do servizo os cambios de datos persoais.
- Os actos inxustificados de deterioro leve das instalacións e elementos que integran o servizo.
- Prestar a bicicleta a terceiras persoas.
- O estacionamento da bicicleta en lugares distintos dos habilitados ao efecto.
- Calquera outro incumprimento das obrigacións, prohibicións e requisitos establecidos na Ordenanza municipal reguladora do servizo que non se atopen tipificados como infracción grave ou moi grave.

Será considerada como unha **infracción grave**:

- Utilizar a bicicleta fora do termo municipal.
- Non devolver a bicicleta en bo estado de funcionamento e limpeza por mal uso da mesma.
- Non presentar nas oficinas municipais copia da denuncia por perda, furto ou roubo da bicicleta dentro do prazo establecido na Ordenanza municipal reguladora do servizo.

- Non respectar as normas de tráfico establecidas para estes vehículos, sen prexuízo das infraccións e sancións que en materia de tráfico e circulación viaria poidan impoñer as autoridades competentes.
- O retraso inxustificado na entrega da bicicleta por mais de vinte e catro horas.
- Os actos inxustificados de deterioro grave das instalacións e elementos que integran o servizo.
- A reiteración na comisión de dúas faltas leves por resolución firme, nun período de doce meses.
- Calquera outro incumprimento das obrigacións, prohibicións e requisitos establecidos na Ordenanza municipal reguladora do servizo cando polo seu elevado alcance ou entidade non merezan a cualificación de infracción leve.

Será considerada como unha **infracción moi grave**:

- Impedir ou obstaculizar o uso do servizo a outras persoas con dereito á súa utilización.
- Os actos de deterioro grave e relevante das instalacións e elementos que integran o servizo.
- A utilización da bicicleta con fins lucrativos, así como o se aluguer ou venda a terceiros.
- O abandono ou perda inxustificada da bicicleta.
- Non denunciar a perda, roubo ou furto da bicicleta.
- A reiteración na comisión de dúas faltas graves por resolución firme, nun período de doce meses.

As infraccións darán lugar ás seguintes sancións:

- Infraccións leves, con multas de ata 150,00 euros.
- Infraccións graves, con multas de 150,01 euros ata 600,00 euros e, no seu caso, inhabilitación da tarxeta ou conta de usuario.
- Infraccións moi graves, con multas de 600,01 euros ata 1500,00 euros e inhabilitación da tarxeta ou conta de usuario.

O usuario que fose sancionado en firme pola comisión de infraccións, non poderá volver a facer uso do servizo de préstamo no prazo de seis meses para as leves, un ano para as graves, e tres anos para as moi graves. A tal efecto o Concello ou o responsable do mantemento do sistema procederá a desactivar a tarxeta ou conta de usuario.

A suspensión da condición de usuario ou baixa temporal nos casos indicados non implicará a finalización da relación entre o usuario e o servizo de bicicleta pública.

En todos os casos, o servizo de bicicleta pública, ademais de adoptar as medidas indicadas, poderá resarcirse dos danos e prexuízos ocasionados pola persoa usuaria, así como formalizar as accións de reclamación que considere pertinentes na correspondente xurisdición.

No caso de que o Concello de Arteixo inicie un procedemento administrativo sancionador, o xestor do servizo de bicicleta pública manterá en suspense a penalización ata que non teña o carácter de firme, e lle sexa notificada a resolución definitiva. En todo caso, o xestor do servizo poderá aplicar, como medida cautelar, ou bloqueo da conta e/ou a tarxeta do usuario.

VIXESIMOQUINTA. CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS DA RESPONSABILIDADE

Para a modulación das sancións atenderase á existencia de intencionalidade ou reiteración, a natureza dos prexuízos causados, a reincidencia na comisión ao cabo de un ano de infraccións da mesma natureza cando así se declare por resolución firme, e o beneficio obtido coa súa realización. Os pais, tutores ou curadores serán responsables das accións ou omisións dos menores ao seu cargo.

VIXESIMOSEXTA. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE E ARBITRAXE

1. Estas condicións teñen carácter privado.
2. A súa interpretación queda sometida á aplicación da normativa civil vixente, así como ás ordenanzas municipais de circulación de peóns e de vehículos, de medidas para fomentar e garantir a convivencia cidadá no espazo público, sobre o uso das vías e espazos públicos, ou outras similares que poidan resultar de aplicación.
3. As cuestións que poidan xurdir en relación coa súa aplicación, execución ou interpretación poderán someterse ao procedemento de arbitraje establecido pola Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.
4. A Comisión Europea estableceu unha plataforma europea de resolución de disputas en liña en <http://ec.europa.eu/consumer/odr/>. Os consumidores poden utilizar a plataforma de resolución de disputas en liña para a resolución extraxudicial de disputas que xurdan de contratos de venda ou servizos celebrados en liña.